

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Temporada 2025/2026



O teatro, ponto de encontro

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.gal

www.centrodramatico.gal

A ti non che parece que a historia é coma unha secuencia que se repite? Ou sexa, a historia vai evolucionando, non? Pero, en realidade, os seres humanos viven periodicamente o mesmo, parece que avanza nunha dirección, non sei, a de ganar certos dereitos, por exemplo... E pasa o tempo, e parece que sempre aparecen forzas que avanza na dirección contraria... De pronto volvemos estar, ou vivir, ou pensar, da mesma maneira que outras veces no pasado. Non sei...

A serie clopen

Balbino.— Sabe que lle digo, padriño? Ás veces penso que, xa de ser pobre, máis me valera ser un deses que non teñen casa e andan a pedir polos camiños. Eles non dependen dun amo e mira... polo menos son libres, non?

Padriño.— Xa, ho, pero...

Balbino.— Pero que?

Padriño.— Ser libres... e non ter para comer...

Memorias dun neno labrego

Ouvín contar que certos criminais, asistindo a un espectáculo, foron de tal forma e ata o fondo da alma impresionados pola arte da escena, que confesaron os seus delitos. Preciso ter probas contundentes. A representación será a trampa onde caía a conciencia do Rei.

Hamlet



ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	07
1_PRODUCIÓN.....	08
A SERIE CLOPEN.....	09
HEROES EN DECEMBRO.....	11
BERENGUELA NA GAIOLA.....	12
TERRITORIO REGUEIFA.....	13
JOSE AFONSO, AO VIVO NOS COLISEUS, 1983.....	14
MEMORIAS DUN NENO LABREGO.....	16
HAMLET.....	18
A FURIA DA AMANITA.....	20
A FORTALEZA.....	21
SOMOS MONSTROS.....	22
BLACK BOX.....	23
OS PASADORES.....	24
XUVENTUDE CREA PRO.....	25
ENSAIO TÉCNICO.....	26
2_CDGLAB.....	27
3_ACCESIBILIDADE.....	28
4_ACCIÓN NO TERRITORIO E XIRAS.....	29
5_ACCIÓN EXTERIOR E INTERNACIONALIZACIÓN.....	30
6_RESIDENCIAS.....	31
7_APOIO Á DRAMATURXIA.....	32
8_PUBLICACIÓNS.....	33
9_EXHIBICIÓN.....	34
10_MEDIACIÓN E SERVIZO EDUCATIVO.....	35
11_MEDIOAMBIENTE.....	36
12_PUNTO DE ENCONTRO.....	37

PUNTO DE ENCONTRO

Hai quen di que o teatro é o encontro. Un lugar para estar. Para compartir. Para sentir.

Porque no teatro compartimos algo máis que un espectáculo: compartimos tempo, preguntas, emoción. Un lugar onde pensar en común. Onde rir en común. Onde atopar o noso reflexo no espello da escena. No aquí e agora.

O teatro é unha casa aberta. Un espazo público que pertence a todas e todos. Unha voz colectiva que se renova con cada espectáculo. Unha ferramenta para contar o que somos, lembrar o que fomos e proxectar o que queremos ser.

A proposta nesta nova temporada do Centro Dramático Galego é diversa en canto a voces, formatos e historias.

Historias que exploran a memoria, a identidade, o territorio, a lingua.

Historias que preguntan. Que incomodan. Que nos fan rir e que nos fan pensar.

O CDG ofrece un programa plural e vivo. Un programa que aposta polo talento galego. Que se abre ao mundo e que volve ao local. Que impulsa a nova creación e recupera a tradición. Que descentraliza. Que conecta. Que transforma.

O teatro é reflexión. O teatro é gozo. O teatro é encontro.

Nesta temporada 2025/2026, queremos convidarte a volver. Volver ao teatro. Volver ao Centro Dramático Galego.

Volver a encontrarnos na escena.

Fran Núñez
Director do Centro Dramático Galego

1. PRODUCCIÓN

Desde *A serie clopen* ata *Hamlet*, desde *Memorias dun neno labrego* ata *A furia da amanita*, o Centro Dramático

Galego ofrece nesta temporada 2025/2026 un programa plural e vivo composto por 14 espectáculos, entre producións propias e coproducións con numerosas entidades teatrais de Galicia e Portugal. Un programa que mestura linguaxes e xeracións. Que combina risco, humor, poesía e pensamento.

Están as propostas que interpelan de xeito directo á mocidade, como *A serie clopen*, onde o circo, a comedia e as matemáticas se unen para falar do presente.

Está *Heroes en decembro*, que aborda con honestidade e dramatismo a saúde mental e o dereito a falar do suicidio. E *Berenguela na gaiola*, onde a terceira idade toma o escenario para recuperar voz, memoria e dignidade.

Está *Territorio regueifa*, unha festa da improvisación oral que mestura tradición, teatro e música.

Está *José Afonso, ao vivo nos Coliseus*,

1983, unha homenaxe escénica ao espírito da *Revolução dos Cravos*.

Está *Memorias dun neno labrego*, que volve darlle voz a Balbino, ao neno que pensa, sente e resiste fronte á dura realidade da aldea galega de mediados do século XX.

Está tamén a palabra eterna de Shakespeare en *Hamlet*, cunha proposta que afonda nas doenzas do poder e da mente humana.

E están as creacións que nacen do presente e falan da ferida. *A furia da Amanita*, sobre a culpa e o regreso; *Somos monstros*, sobre a diversidade de ser e de estar no mundo; *A fortaleza*, unha viaxe pola memoria e a resistencia inspirada na figura de Chelo, guerrilleira galega, e *Black Box*, que rescata a memoria familiar de Hugo Torres.

Está *Os pasadores*, unha viaxe escénica sobre as fronteiras visibles e invisibles que nos separan e nos definen, e *Ensaio técnico*, un espectáculo que converte os procesos e os erros do teatro nun acto de creación compartida. E, por último, a produción que nacerá do proxecto gañador do certame *Xuventude Crea Teatro Pro 2025*.

A SERIE CLOPEN

de Clara Gayo e Pablo Reboleiro

Centro Dramático Galego

Estrea: 11 de setembro de 2025 no Salón Teatro de Santiago de Compostela

Funcións no Salón Teatro e xira entre o 12 de setembro e o 9 de novembro

Acrobacias imposibles,
aéreos impresionantes,
comedia hilarante,
danza, *clown* e unha
historia cativadora. *A serie clopen* é un
espectáculo multidisciplinar que reflexiona,
en ton de humor, sobre os retos que
ten que afrontar a xuventude nestes
tempos de incerteza.

Alicia é unha rapaza que está nese
momento vital onde comeza a construír
a súa identidade e investiga o mundo
que a arrodea. O seu cuarto segue
cheo de bonecas e xoguetes, pero as
preguntas invaden a súa mente. Ela, no
seu afán de darlles resposta, abre unha
canle onde explica curiosidades acerca
dunha das súas paixóns: as Matemáticas.

Pero todo o que descobre xera máis
preguntas...

Poderán as Mates explicar o momento
político actual: o auxe dos absolutismos,
dos fascismos, o aumento da desigualdade,
ou o novo contexto bélico?

Poderá a nosa mocidade superar os
retos que se lle impoñen á súa xera-
ción?

E, sobre todo, poderá o Circo, a arte do
momento presente, do físico, do risco,
da cooperación, ofrecer alternativas
nun mundo absolutamente dixitalizado?

Equipo artístico:

Dirección: Pablo Reboleiro

Dramaturxia: Clara Gayo e Pablo Reboleiro

Iluminación e videoescena: Laura Iturralde

Escenografía: José Faro e Laura Iturralde

Caracterización e maquillaxe: Erea Pérez e Paula Quintas

Vestuario: Carlos Alonso

Diseño de movimiento e coreografía: Marta Alonso Tejada

Asistencia de dirección e espazo sonoro: Marcos PTT

Composición Musical: Xosé Lois Romero

Asistencia de circo: José Expósito

Asistencia de producción: Santi Romay

Elenco:

Marián Bañobre

Luz García

Johanna Hesse

Raquel Oitavén

Natalia Pajarito

Inés Santos

Guillermo Solo



de Eva Mir

Coa colaboración do Concello de Catoira dentro do programa de residencias do Centro Dramático Galego

Esta peza coral reflexiona con honestidade e humor ácido sobre a saúde mental, a culpa, a identidade e o dereito a falar do suicidio. Un drama contemporáneo cun código escénico innovador e comprometido coas novas xeracións.

Dirección, tradución e adaptación: Sara Rey
Espazo sonoro: Marcos Grandal
Espazo escénico e iluminación: As dúas e punto
Revisión lingüística: Andrea Gagino
Asesoría psicolóxica: María Borrazás

Isabel Garrido
Marcos Grandal
Andrea Blanco
Ana San Fernando



de Manuel María


Estrea: 27 de setembro de 2025 no Pazo da Cultura de Carballo no marco do FIOT

Funcións no Salón Teatro: 5, 6 e 7 de decembro de 2025

entre xeracións e reivindica o dereito a existir con dignidade en todas as etapas da vida. O teatro convértese aquí en ferramenta de rebelión e soño compartido, recuperando a forza do espírito do monte.

Diseño gráfico, foto e vídeo: Sol Álvarez

Atenea García



de José L. Prieto

Estrea: 4 de outubro de 2025 en Carballo no marco do FIOT

Josinho da Teixeira

a partir de textos de Lúcia Soares, Marta Figueiredo, Miguel Cardoso, Rui Pina Coelho, Susana Moreira Marques


Estrea: 6 de novembro de 2025 no Teatro Municipal do Porto

José Afonso, ao vivo nos Coliseus, 1983 parte dos históricos concertos de despedida que José Afonso ofereceu nos Coliseus de Lisboa e Porto em 1983, pouco antes de que a enfermidade lhe impedisse seguir cantando.

unha homenaxe viva ao artista e ao
soño colectivo da *Revolução dos Cravos*,
explorado desde a melancolía, a resistencia e
a esperanza. A música de Zeca Afonso
convértese en fío condutor dunha peza
escénica coral e contemporánea, que
convida a lembrar, pensar e cantar.

A través dunha proposta escénica híbrida entre teatro, música e poesía, inspirada no concepto británico de Gig Theatre, créase non só o espírito do concerto, senón tamén a súa dimensión histórica, política e emocional.

José Afonso, ao vivo nos Coliseus, 1983 é



Equipo artístico

Dirección: Gonçalo Amorim

Coordinación dramática: Rui Pina Coelho

Dirección musical: Mariana Leite Soares, Pedro João

Escenografía: Catarina Barros

Vestuario: Cátia Barros

Diseño de luz: Nuno Meira

Técnico de luz: Renato Marinho

Técnico de son: Miguel Serrão

Vídeo: José Freitas

Apoio á investigación: José Carlos Calixto, Pedro Afonso, Zélia Afonso

Elenco

Catarina Chora

Catarina Carvalho Gomes

Inês Salvado

Mariana Leite Soares

Pedro João

Hugo Inácio

Josué

Saulo Giovannini

Teresa Costa

O Teatro Experimental do Porto (TEP) é unha estrutura financiada polo Goberno de Portugal / Ministerio de Cultura / Dirección Xeral das Artes e apoiada pola Cámara Municipal do Porto.

Equipo do TEP

Dirección artística: Gonçalo Amorim

Concepción dramática: Rui Pina Coelho

Dirección de produción: Nuno Eusébio

Produción executiva: Inês Pinheiro Torres

Dirección plástica: Catarina Barros

Asistencia de escenografía e vestuario: Maria Simões

Asesoría de comunicación e prensa: Bruno Moreira

Diseño gráfico: Marta Ramos

Centro de documentación: Ana Catarina Soares

Limpeza: Virgínia Frias

Contabilidade: CONTALAC

Órganos Sociais do TEP

Asemblea Xeral: Carmen Navarro (presidenta), João Maia (vicepresidente), António Júlio (secretario).

Dirección: Filomena Louro (presidenta), Gonçalo Amorim (vicepresidente), Pedro Alves (tesoureiro), João Rosário (1º secretario), Teresa Leal (2º secretaria), Catarina Barros (vogal), Rui Pina Coelho (vogal).

Consello Fiscal: Serafim Nunes (presidente), Octávio Marinho (secretario), Jorge Loureiro (vogal).

MEMORIAS DUN NENO LABREGO

nova versión teatral sobre o libro de Xosé Neira Vilas no X aniversario do seu pasamento

Centro Dramático Galego

Estrea: 8 de xaneiro de 2026 no Salón Teatro de Santiago de Compostela

Funcións no Salón Teatro e xira entre o 9 de xaneiro e o 22 de febreiro

Balbino é un neno de aldea, fillo de labregos pobres, que medra nun mundo de silencios, traballo e obediencia. Neste espectáculo, seguimos a súa voz sincera e sensible mentres narra a vida cotiá nunha aldea galega dos anos corenta: a escola, a familia, os soños frustrados, as inxustizas sociais e o desexo constante de fuxir dun destino xa escrito.

A historia desenvólvese a través dunha serie de lembranzas que van desde a tenrura da infancia ata a crúa conciencia das desigualdades. O espectáculo dálles vida aos episodios máis representativos da novela de Neira Vilas: o maltrato escolar, a perda do amigo ou dun animal querido, a frustración do primeiro amor, a dureza do traballo, a emigración, a represión da expresión, e a tristura

de sentirse diferente nun mundo que non admite preguntas; pero tamén os costumes e celebracións festivas da aldea, e as esperanzas e alegrías que, a pesar de todo, ofrece a vida.

Nesta nova versión teatral do clásico de Neira Vilas, a memoria persoal do neno labrego preséntase como unha memoria colectiva, a desa Galicia rural que se foi diluíndo ou transformando, nun espectáculo que pon en primeiro termo a emoción, pero tamén o humor e a relación directa e amena co público.

Equipo artístico:

Texto teatral e dirección escénica: Cándido Pazó

Escenografía e atrezzo: Pablo Giráldez "O Pastor"

Vestuario: Martina Cambeiro

Música: Xosé Lois Romero

Iluminación: Afonso Castro

Axudantía de dirección: Belén Pichel

Elenco:

Xúlio Abonjo

Santi Romay

Manuel Cortés

Federico Pérez Rey

Iris Darriba

Mónica García

Ana Santos



HAMLET

de William Shakespeare

Centro Dramático Galego

Estrea: 19 de marzo de 2026 no Salón Teatro de Santiago de Compostela

Funcións no Salón Teatro entre o 20 de marzo e o 3 de maio

Hamlet, príncipe de Dinamarca, está tratando de assimilar, sen demasiado éxito, a morte do seu pai e a rápida voda da súa nai co seu tío.

Esta sensación de baleiro, de melancolía e de anguria existencial que impregna o cerebro do mozo Hamlet vai-se ver multiplicada cando recibe a visita da pantasma do seu pai e este lle asegure que a súa morte foi provocada polo seu propio irmán, asasinándoo para ter acceso tanto á coroa como ao corazón da raíña.

A partir dese momento, Hamlet vese obrigado a vingar a morte do seu pai, pero a aceptación desa misión non lle resultará fácil. O maior atranco non

será outro que a súa propia conciencia, que lle fai adiar continuamente o intre de pasar a acción e se converter nese heroe vingativo que o seu pai lle ordenou ser.

Hamlet toma a decisión de facerse pasar por tolo para seguir habitando nun palacio real cuxo fedor moral se lle fai insoportable, mentres agarda despejar as dúbidas que lle leven a cumprir o seu cruel destino e acabar coa vida do asasino do seu pai: o seu tío.